

# BOLETIN INFORMATIVO

"A todos los que  
nos sentimos  
protagonistas  
del campo"



**COOPERATIVA  
MELISANTO**

Agüeiros  
FURELOS

**MELIDE**



981 50 60 26



**EDICION  
TRIMESTRAL**

Depósito Legal:  
C-830-87

**N.º 3/06**

# NOTICIAS BREVES



Está aberto o prazo ata o 23 de outubro nas Oficinas Agrarias Comarcais para aqueles gandeiros que desexen acollerse ao **Programa de abandono voluntario e definitivo da produción leiteira**. O importe da indemnización está fixado en 0,27 euros por quilo de cota indemnizable. A data para deixar de producir leite e facer efectivo o abandono é antes do 8 de decembro de 2006.

---



Os titulares dos **Carnés de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios** expedidos con anterioridade á entrada en vigor da Orde PRE/2922/2005 do 19 de setembro sobre aplicación de novas normas europeas (corresponden aos cursos realizados antes do ano 2006) deberán adaptar os seus carnés presentando na Oficina Agraria Comarcal unha solicitude, xunto cunha fotocopia do DNI e unha fotografía tamaño carné. O prazo para solicitar a adaptación do carné existente remata o día 20 de decembro de 2006.

---



O Centro de Formación de Ensinanzas Agrarias de Sergude – Boqueixón vai a celebrar un **Curso de Podoloxía do gando vacún** con 5 horas de clases teóricas e 25 horas de prácticas. As datas de celebración son o 27, 30 e 31 de outubro e o 2 e 3 de novembro. Os interesados deberán anotarse chamando ao teléfono da Escola 981.51.18.09 en horario de mañá, de 9 a 14 horas.

---



A partir do día 1 de outubro o **horario de despacho aos socios da cooperativa** está fixado de acordo coas seguintes normas:  
De luns a venres de 10 a 14 horas polas mañás  
e de 16 a 19 horas polas tardes.  
Os sábados só haberá horario de mañá de 10 a 14 horas.  
Durante as tardes dos sábados, os domingos e festivos haberá un técnico veterinario de garda para atender as urxencias gandeiras.

---

Tamén, para as posibles avarías das máquinas agrícolas durante a campaña de sementeira de praderías ou de ensilaxe de millo, como en anos anteriores, existirá un servizo de urxencia que responderá no teléfono 629.861344.

---



Por parte dos servizos veterinarios da cooperativa estase desenvolvendo unha **Campaña de desparasitación en xeral e de loita contra a hipodermose bovina** (“barros ou medras” nas vacas). Aqueles socios que queiran participar na mesma para desparasitar o gando das súas explotacións, deberán comunicalo á maior brevidade posible para contar cos produtos necesarios e organizar o correspondente calendario de traballo.

Tamén se lles recorda aos socios con gando vacún nas súas explotacións a conveniencia de vacinar os animais de IBR – BVD e que é repetitiva cada seis meses.

---



A **Xornada dedicada á muller** que ven organizando desde hai seis anos esta sociedade cooperativa nesta ocasión terá lugar o último sábado do mes de outubro, o día 28. O Consello reitor está elaborando o correspondente programa e conectando con diversas persoas que serán as encargadas de desenvolver as charlas do máximo interese para todas as asistentes.

Desde aquí invítase a participar a maior parte posible de persoal feminino nas actividades que se leven a cabo e das que terán coñecemento puntualmente no domicilio dos socios e reservando esa data para esta xuntanza anual. As que teñan previsto participar nestes actos deberán inscribirse na cooperativa antes do 25 de outubro.

---



Como en anos anteriores, os socios recibirán nos seus domicilios o Estadillo correspondente para facer o **pedido das Patacas para sembra**. Unha vez recibido e cuberto, e antes da data tope que se indique no mesmo, deberá ser remitido á cooperativa para poder xestionar a compra ao seu debido tempo e conseguir as variedades solicitadas co calibre axeitado, evitándose as presas de última hora.

---



Para aforrar gastos nos portes á hora de subministrar os fertilizantes ás explotacións dos socios un ano máis estase a organizar a **Campaña de abonado**. Para mellorar as posibles deficiencias ou erros cometidos en anos anteriores, agradécese todo tipo de suxerencias que poidan aportar os interesados, recomendándolles que se poñan en contacto canto antes cos servizos centrais ou coa taquilla de venda para facer os pedidos e buscar a forma de agruparse entre vecinos ou familiares de parroquias ou aldeas limítrofes.

---



A **sección Horta da cooperativa** segue medrando. Hai un ano eran 11 os invernadeiros instalados polos socios cunha superficie cuberta duns 14.000 metros cadrados e, hoxe, segundo a programación da sección e o interese dos socios, esta nova actividade segue extendéndose de tal forma que acadará con 26 socios preto de 40.000 metros cadrados de cultivo baixo plástico unha vez que estén rematadas as instalacións nestes momentos en fase de construción. Os socios teñen planificadas as correspondentes rotacións de cultivos (leitugas, tomates...) para aproveitar ao máximo as superficies cubertas e amortizar as inversións realizadas.

Os agricultores socios da sección e os invernadeiros atópanse diseminados polos diversos concellos da comarca e de fóra dela coa seguinte distribución xeográfica: 6 en Melide, 7 en Santiso, 3 en Toques, 4 en Agolada, 1 en Vila de Cruces, 1 en Palas de Rei, 2 en Arzúa e 2 en Mesía.



---

Co fin de impulsar esta sección Horta da cooperativa, hai un ano solicitouse á Consellería do Medio Rural unha subvención a fondo perdido para construír unha **Nave destinada á clasificación, envasado e conservación de produtos hortícolas** obtidos tanto nos invernadoiros como ao aire libre nas explotacións dos socios involucrados neste proxecto.

Esta nave está a punto de ser rematada nos terrenos que a cooperativa adquiriu no seu día no Polígono industrial da Madanela, estando en trámites para conseguir os permisos pertinentes, contar coa licenza de actividade e poder levar a cabo a inauguración con todos os socios para o que estes recibirán a correspondente información ao seu debido tempo.

Tamén foron xa adquiridos os correspondentes vehículos para o transporte das mercadorías producidas polos socios e mellor comercializar os produtos en colaboración con outras cooperativas.

Esta actividade, aparte de revolucionar a comarca con cultivos que non eran completamente tradicionais nela, está axudando a fixar poboación no medio rural e incrementando os ingresos das explotacións dos socios afectados.

---

# A AUGA E A SÚA RELACIÓN COA CALIDADE DO LEITE

**A auga, no seu compoñente químico e biolóxico, en poucas ocasións e valorado como factor determinante da calidade do leite, ao supoñer que a produción deste é a resultante de factores xenéticos, ambientais e alimenticios.**

O que os animais sexan pouco esixentes na súa demanda non quer dicir que a calidade da auga non interveña como un parámetro máis a ter en conta no índice produtivo de leite final.

De acordo con estudos preliminares parece ser que o compoñente químico da auga de abrevar, así como a súa dureza, interveñen de forma destacable na variación da produción leiteira final dos animais.

## Clases de augas

A auga da choiva quimicamente é pura, sen embargo, ao descurrir polo solo ou ben ao formar parte das augas subterráneas que máis tarde fluirán por pozos ou mananciais, disolven diferentes minerais. É precisamente esta carga mineral a que confire determinadas características de cor, olor e sabor da auga. Así, a auga que leva disoltas sales de magnesio é amarga; as sales de ferro e manganeso danlle un sabor ferruxinoso ou metálico e unha cor obscura; un elevado contido en sal común é sumamente desagradable, orixinando problemas dixestivos, á vez que produce máis sede; a presenza elevada de sulfatos disoltos pode ocasionar disfuncións intestinais (efectos purgantes), e a presenza de nitratos por encima de niveis de tolerancia poden causar problemas de intoxicación, ao igual que ocorre coa auga cun elevado contido en chumbo. A este tipo de augas que conteñen cantidades pouco correntes dalgún tipo de mineral, denomínanse augas minerais. No entanto, calquer tipo de auga, a pesar dos seus posibles efectos perxudiciais, presenta un elevado número de elementos minerais disoltos, satisfacendo diferentes procesos fisiolóxicos sempre e cando se atopan as súas concentracións entre uns límites que non comprometan a aceptabilidade e a saúde dos animais. Polo xeral,

os límites que se dan en canto ao contido salino das augas potables para os animais fan referencia ao valores estándares determinados para o home. En referencia ao contido de cloruro sódico (sal) a tolerancia de calquer auga para ser consumida pola especie humana é de 4-5 partes por 1.000, cantidade que para o gando vacún estímase que pode acadar as 14-19 partes por 1.000.

Xenericamente, e independentemente do seu contido mineral, as augas clasifícanse en duras e blandas. As augas duras son aquelas que conteñen disoltos carbonatos, cloruros, sulfatos e sales de metais, dependendo o seu grao de dureza do contido en ditas sales. Os cloruros son de importancia local, xa que as sales que predominan na disolución son os carbonatos e sulfatos, especialmente de calcio. As augas que flúen de pozos e manantiais solen ser duras, mentras que a auga de chuvia é blanda. A dureza temporal, debida aos carbonatos, pódese eliminar por cocción, pero a dureza permanente precisa de tratamentos químicos.

## **Augas duras ou augas blandas**

Que tipo de auga prefiren os animais? Desde o punto de vista fisiolóxico e de requerimento de minerais os animais que beben augas blandas, cunha concentración baixa en sales minerais necesarias para a osificación, non presentan usualmente alteracións esqueléticas grazas ao aporte suplementario de minerais que levan os pensos, ou ben ao elevado contido de minerais das forraxes.

Ademais, este tipo de augas teñen uns efectos máis favorables sobre a utilización da materia seca durante o proceso dixestivo ao non alterar o pH, sobre o estado da saúde en xeral, sobre os produtos de secreción (a nivel de ouriños ou outros produtos) e en consecuencia sobre o seu rendemento económico en xeral.

En canto ás augas duras, se ben interfíren diferentes procesos metabólicos tampouco se pode dicir que son perxudiciais sempre e cando non superen as sales disoltas uns límites específicos de concentración.

Co fin de valorar o efecto da calidade da auga desde o punto de vista do contido de sales minerais, o Instituto Experimental para la Zootecnia de Roma levou a cabo diferentes probas encamiñadas a determinar o efecto do subministro de augas duras procedentes dun pozo e do mesmo tipo de auga pero na que se eliminou o calcio e o magnesio dos bicarbonatos, dos sulfatos e dos cloruros reducíndose en un casi 100 % a dureza da auga.

O primeiro dato significativo que se puido comprobar é que as vacas que bebían augas blandas consumían unha cantidade menor de auga, uns 5 litros por cabeza, que as vacas que inxerían auga dura. En canto á produción leiteira, as vacas que inxerían auga con un contido de calcio e magnesio baixo tiñan un índice de produción dun 13 % superior sobre as vacas que abreven con auga dura.

En canto á calidade do leite, debido á inxestión de augas duras ou blandas, non se detectaron variacións na súa composición porcentual a nivel da graxa, proteínas, nin a nivel das concentracións dos minerais típicos do leite como o calcio, fósforo ou cloruros. No en tanto, a porcentaxe dalgúns elementos minerais como o calcio ou magnesio total son algo máis elevados no leite das vacas que inxeriron augas blandas.



# PRÁCTICAS CORRECTAS DE HIXIENE NA PRODUCCIÓN LÁCTEA (Continuación)

## ESTADO SANITARIO DOS ANIMAIS

### Obxectivos:

- O bo estado sanitario do rabaño é a base da prevención de enfermidades en xeral, e en particular axuda a preservar a saúde dos dos animais e do ser humano.
- Evitar a difusión de enfermidades contaxiosas ao persoal da explotación e aos consumidores tomando as medidas axeitadas.
- Evitar tamén a difusión de enfermidades contaxiosas entre animais da granxa cuxas consecuencias poidan resultar desastrosas para os resultados económicos e zootécnicos da explotación.

### Requisitos:

A explotación respecta o programa autonómico de erradicación de enfermidade:brucelose, tuberculose, leucose, peripneumonía contagiosa bovina.

Para cada movemento do gando dispónse dunha guía sanitaria, ou no seu caso dun certificado sanitario actualizado.

Os animais que cheguen á explotación non proveñan dunha explotación ou dunha zona que estea, por motivos sanitarios, suxeita a unha prohibición ou a unha restricción no movemento de animais.

A explotación dispón dunha zona apropiada de illamento para os animais enfermos ou feridos.

A explotación dispón de medios adecuados para a limpeza e a desinfección.

### Prácticas correctas:

Limitar, no posible, a entrada de gando de fóra da explotación e no caso de que se produza verificarase a súa documentación sanitaria de traslado, o seu documento

de identificación e a correspondencia co crotal, notificarase o feito á autoridade competente e manteñeranse illados os animais nunha zona apropiada, cando menos durante unha semana ou ata obter resultados dos controis que se lles realicen.

Seguir os programas de vixilancia e control de zoonose e de axentes zoonóticos establecidos.



Vixiar regularmente o estado de saúde dos animais e o aspecto xeral do gando. En particular, se se aprecian toses ou mocosidade nasal, diarreas ou excrementos moi brandos con febre, femias con inflamacións de ubres, femias con fluxo do aparato xenital.

En caso de sospeitar da existencia dunha enfermidade incluída no programa nacional de erradicación, seguiranse as disposicións establecidas.

Notificarase a sospeita á autoridade competente e comprometéndonos a seguir a regulamentación vixente.

Se é necesario procederase ao illamento dos animais enfermos ou sospeitosos nunha zona apropiada o tempo necesario para comprobar o seu estado sanitario.

Se é necesario, trala aparición dunha enfermidade, realizarase unha limpeza e desinfección adecuada do establo e dos equipos.

Para a limpeza e desinfección empregaranse só produtos autorizados e segueranse as instrucións da etiqueta.

Almacenaranse os produtos de limpeza e desinfección nun lugar seguro.

Un veterinario, polo menos unha vez ao ano, fará unha visita á explotación para valorar o estado sanitario do gando.

Disporase dun programa sanitario (datas de vacunación, etc.).

Disporase dun plan de diagnóstico e control de mamite.

Tamén se debe dispor dun rexistro no que se inclúan os resultados dos controis sanitarios efectuados os animais.

Arquivarase este rexistro durante tres anos.

## **MEDICAMENTOS E TRATAMENTOS DOS ANIMAIS**

### **Obxectivos:**

-É fundamental a necesidade de transparencia e rastrexabilidade no uso de medicamentos. Debe garantirse a ausencia no leite de residuos de medicamentos, así como de calquera outra substancia perigosa para o consumidor.

-Os animais enfermos deben recibir o tratamento axeitado respectando as receitas prescritas por un veterinario. Deste xeito o gandeiro asegura a saúde dos seus animais e a optimización de produción do seu rabaño.

## ALMACENAMIENTO DOS MEDICAMENTOS

### **Requisitos:**

Os medicamentos estarán gardados nun sitio seguro e axeitado, ordenados, separando os que poden empregarse en gando en lactación e os que non, e se é posible nun botiquín pechado con chave.

○ acceso ao depósito estará limitado aos traballadores con formación, cualificación e/ou experiencia axeitada.

### **Prácticas correctas:**

Almacenaranse os medicamentos seguindo as indicacións definidas na etiqueta.

Os medicamentos estarán almacenados no seu envase orixinal.

Identificaranse claramente as medicinas caducadas e separaranse.

Almacenaranse por separado os medicamentos que están permitidos para vacas en lactación e os que non o están.

Manterase limpo e en bo estado o equipamento sanitario.

## TRATAMENTO DOS ANIMAIS

### **Requisitos:**

Só os traballadores con formación, cualificación e/ou experiencia adecuada poden administrar medicamentos e tratamentos aos animais.

Disporase de medios para identificar aos animais tratados, notificándollo a todas as persoas que participen no seu ordeño e poder separar o leite que produzan.

### **Prácticas correctas:**

Atender aos animais enfermos e darlles o tratamento axeitado.

Empregar medicamentos unicamente cando sexa preciso.

Empregar só medicamentos autorizados e prescritos por un veterinario. Os medicamentos deben estar acompañados da correspondente receita.

Seguir estrictamente as instrucións da receita ou do prospecto do medicamento.

Identificar aos animais en tratamento cun método axeitado e seguro.

Respectar escrupulosamente o periodo de supresión dos medicamentos.

Cada vez que sexa preciso, separar o leite dos animais en tratamento por un sistema de ordeño adaptado.

En caso de que exista sospeita de que leite de vaca en tratamento se mesturou con leite do tanque, actuarase en consecuencia para garantir que con posea concentracións que impidan que o leite entre na cadea alimentaria.

Anotaranse nun rexistro a aparición de enfermidades nos animais, especialmente as mamites, diarreas con febre e enfermidades do aparato xenital con fluxo, así como os medicamentos ou tratamentos administrados coas datas de administración e os tempos de espera.

Manter este rexistro e as receitas arquivados durante tres anos.





## AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE ORDEADOR PERSOAL PARA O ALUMNADO NON UNIVERSITARIO.

A Consellería de Educación vai conceder 4.445 axudas para o alumnado de niveis non universitarios que adquiren un ordenador persoal no ano 2006, acadando os 300 euros por axuda concedida.

### **Quen pode solicitar estas axudas?**

Os pais, anís ou titores legais do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

\*Estar matriculado no ano escolar 2006-2007 nun centro educativo sostido con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia en calquera dos cursos de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

\*Adquirir ou ter adquirido un ordenador persoal de primeira man, de sobremesa ou portátil, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2006. O ordenador persoal de sobremesa estará composto, como mínimo, pola CPU, un teclado, un rato e unha pantalla.

\*Ser o único membro da unidade familiar para o que se solicita a axuda.

\*Non ter concedido esta axuda a unidade familiar en anterior convocatoria.

### **Solicitudes**

A solicitude e anexos axustarase ao modelo publicado no DOG publicado o 22 de setembro de 2006, presentándoa on-line e máis en papel, e con ela achegaranse os seguintes documentos:

- Fotocopia do NIF do solicitante (pai, nai ou titor).
- Fotocopia compulsada do Libro de familia no oque figuren todos os membros da unidade familiar (pai, nai, fillos menores de dezaioito anos e fillos de dezaioito ou máis anos con algunha minusvalidez).
- Autorización do solicitante e doutros membros da familia cuxos ingresos son computables para coñecer os ingresos totais da unidade familiar, coa finalidade de poder recadar datos de carácter tributario ou económicos que foran legalmente pertinentes á Axencia Estatal de Administración Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF).
- Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- Fotocopia compulsada do certificado de minusvalidez no caso de que algún membro da unidade familiar teña esa condición.
- Documento orixinal facilitado pola entidade bancaria, acreditativo da existencia dunha conta bancaria aberta a nome do solicitante en que conste o código da conta do cliente comprensivo dos códigos que identifcan o banco ou caixa, a oficina, o dígito de control e o número de conta.

## **Criterios de valoración**

1.-En primeiro lugar adxudicaranse as axudas ao alumnado de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO.

2.- De non cubrirse o número de axudas ofertadas co alumnado mencionado no punto anterior, adxudicaranse ao alumnado de 3º e 4º de ESO e 1º, 2º, 3º e 4º de primaria coa seguinte prelación: 3º, 4º da ESO, 4º, 3º, 2º e 1º de educación primaria.

3.-O criterio de valoración que se terá en conta para conceder estas axudas será o do nivel de ingresos da unidade familiar.

4.- Todas as circunstancias valoraranse unicamente no caso de que da documentación que figura no expediente, se poida deducir claramente o seu contido en virtude de certificacións orixinais ou copias compulsadas delas.

## **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes desde a publicación da orde no DOG, rematando o 23 de outubro de 2006.

## Pagamento e xustificación da axuda e obrigas

Unha vez concedida a subvención e notificada a resolución, e logo da presentación do xustificante de ter adquirido o ordenador persoal a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais efectuará a correspondente proposta de pagamento.

O periodo para xustificar estas axudas abranguerá ata o 5 de decembro de 2006 inclusive.

Os beneficiarios deberán xustificar a adquisición do ordenador persoal a través da factura orixinal ou fotocopia compulsada dela que deberá estar a nome do solicitante ou beneficiario. Tamén presentarán unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a adquisición de ordenadores, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución.

Os beneficiarios comprométese a manter o ordenador adquirido para a finalidade obxecto da axuda por un periodo mínimo de catro anos.

Se por calquera circunstancia o beneficiario non puidese adquirir o ordenador persoal, deberá presentar unha renuncia á subvención concedida, para que esta recaiga noutro solicitante de acordo coa lista de reserva.





*Avanzamos en el camino de la calidad...  
Porque nos debemos a los socios*

## INFORMACIÓN SOBRE OS PENSOS COMPOSTOS OU ALIMENTOS CONCENTRADOS

En Galicia xeralizouse o aporte de concentrados na maioría das explotacións. Sábese que as vacas poden chegar ao seu máximo de produción de leite achegando altas cantidades de concentrado, sen embargo esta resposta non sempre é directa xa que depende das necesidades das vacas en cada momento da lactación e da cantidade e calidade da forraxe ofrecida, sexa como alimento verde, seco ou ensilaxe, polo que estamos xugando cun derroche de cartos nos resultados económicos a fin de ano.

Se somos capaces de maximizar a inxestión de forraxe de calidade, estamos achegando os nutrientes necesarios para producir os primeiros litros de leite con recursos da explotación. Para que isto sexa certo, temos que partir de forrases de alta calidade nutritiva e co mellor grado de conservación, buscando a humidade idónea e que non se produzan fermentacións indesexadas. Ambas cousas serán imprescindibles para que a resposta do animal ao concentrado sexa a correcta.



MELISANTO está fabricando unha serie de fórmulas para os distintos tipos de penso nas que varía a proteína, enerxía ou outros elementos importantes na ración dos animais, pero para ter unha maior información acerca do tipo de concentrado a utilizar na explotación segundo a época do ano ou as principais circunstancias do rabaño, O EQUIPO TÉCNICO DA COOPERATIVA ESTÁ A DISPOSICIÓN DE TODO AQUEL SOCIO QUE O DEMANDE.

Como principais vantaxes de Melisanto á hora da fabricación dos pensos compostos para a alimentación do gando podemos citar as seguintes: utilización de materias primas de alta calidade, proximidade ás explotacións gandeiras, flexibilidade na fabricación e transparencia do proceso produtivo co compromiso do cumprimento da trazabilidade en todo momento debido ao Certificado de calidade no que está inmerso esta actividade.

Na produción, sobre todo de leite, existe unha excesiva dependencia en recursos comprados fóra da explotación (concentrados e á veces forraxes), cando o potencial propio (praderías en pastoreo ou cultivos forraxeiros) é en xeral infrutilizado.